

## MONITOR/A DE LECER E TEMPO LIBRE

A **Asociación de Familias Monomarentais de Galicia (FAGAMOS)** abre un proceso de selección para cubrir o posto de MONITOR/A DE LECER E TEMPO LIBRE na execución do proxecto “Facemos Corresponsabilidade 2023”, no marco de Plan Corresponsables e financiado polo Ministerio de Igualdade a través da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia. Somos unha entidade sen ánimo de lucro cuxo obxectivo é apoiar e representar ás familias galegas nas que a responsabilidade da crianza recae por completo nunha soa persoa, na maior parte dos casos mulleres, e de reivindicar equidade e visibilidade para o noso modelo de familia ante a sociedade e ante as institucións.

### Perfil

#### PERSOA XOVE CON TITULACIÓN OFICIAL DE MONITOR/A DE LECER E TEMPO LIBRE

##### Imprescindible

- Titulación oficial como monitor/a de lecer e tempo libre.
- Coche propio.
- Disponibilidade de mobilidade xeográfica dentro de Galicia.
- Disponibilidade para traballar en fins de semana.
- Certificado de penais para traballar con menores.

##### Valorable

- Pertencer a unha familia monoparental.
- Experiencia previa en funcións similares.
- Residencia na zoa de Santiago/Barbanza.

### Funcións do posto

En dependencia da Dirección Técnica e da Xunta Directiva, a persoa seleccionada colaborará na execución do proxecto “Facemos Corresponsabilidade 2023” ao longo do mes de novembro de 2023, desempeñando as súas funcións durante as actuacións dirixidas a nenos e nenas de 2 a 16 anos en distintas localidades galegas, encamiñadas á sensibilización en materia de igualdade, corresponsabilidade e diversidade familiar.

- Supervisar as actividades, garantindo a seguridade de nenos e nenas.
- Dinamización das actividades, con orientación ao cumprimento dos obxectivos do proxecto.
- Apoio á organización na atención a nenos, nenas e público en xeral que asista aos eventos.
- Facilitar a nenas/os, nais e pais e/ou titores que asistan, información sobre o proxecto e sobre FAGAMOS.
- Publicación de reels, directos, imaxes, etc da actividade nas redes sociais de FAGAMOS.
- Reporte do resultado de cada xornada á dirección técnica: asistencia, incidencias, imaxes...

### Condicións

- Contrato durante o mes de novembro
- Xornada 20 horas semanais.
- Horario de tarde, en función de eventos.
- Salario según convenio + kilometraxe
- Incorporación inmediata
- Enviar CV a [info@fagamos.com](mailto:info@fagamos.com)